

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DO BARCO DE VALDEORRAS DE 26 DE OUTUBRO DE 2015

Na Casa Consistorial do Concello do Barco de Valdeorras, sendo as 13:33 horas do 26 de outubro de 2015, baixo a Presidencia do alcalde-presidente Don Alfredo Laudelino García Rodríguez, reúnen-se no salón de sesións a Corporación Municipal do Concello do Barco de Valdeorras, ós efectos de realizar a sesión extraordinaria convocada para o día da data, constituíndose coa asistencia dos seguintes señores/as que integran os seguintes grupos políticos:

Grupo Municipal do PSdeG-PSOE:

Don Alfredo Laudelino García Rodríguez
Dna. Margarida Pizcueta Barreiro
D. Aurentino Alonso Araujo
Dna. María Irene Dacal Feijóo
D. Orlando Luis Arturo Saavedra Cantillana
Dna. Diana Urdangaray Díaz
D. Miguel Neira Ojea
Dna. Cristina Domínguez Rodríguez
D. Jesús Jares Almeida
Dna. Alicia Álvarez Fernández

Grupo Municipal del Partido Popular:

D. Arsenio Moldes Gómez
D. Carlos Javier Crespo Díaz
Dna. Sabina Aguado García
D. Enrique Pérez Roca

Grupo Municipal Mixto:

D. Félix García Yáñez

Non asisten a concelleira D^a Nieves Rodríguez Voces e o concelleiro D. Antonio Melo García, sen que quede xustificada as ausencias.

Interveu como secretario D. Jesús Tallón García. Concorre o interventor D. José Manuel Muñoz Domínguez.

Declarado aberto o acto polo sr. alcalde-presidente, procédese ó estudo dos asuntos incluídos na orde do día.

1º Aprobación da acta do Pleno da sesión celebrada o día 30 de setembro de 2015.

Pregunta o sr. Alcalde si hai algunha observación que facer á acta da sesión celebrada polo Pleno o día 30 de setembro de 2015, ao non formularse algunha observación, a devandita acta resultou aprobada por unanimidade dos quince concelleiros asistentes na sesión.

2º Ditame da Comisión Informativa de Persoal, Tráfico e Seguridade Cidadá relativo a denuncia do Convenio regulador das condicións de traballo para o persoal laboral ó servizo do Concello do Barco de Valdeorras.

Fai uso da palabra o sr. alcalde para dicir que este punto da orde do día e o seguinte son similares ao facer referencia ás denuncias de convenio e acordo do persoal do concello polo que se falará dos dous puntos de forma conxunta aínda que a votación será individualizada. Dá conta a Presidencia do ditame da Comisión de Persoal, Tráfico e Seguridade Cidadá, celebrada o día 21 de outubro de 2015.

Concédeselle a palabra ao voceiro do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE, o sr. Alonso Araujo, quen fai uso dela para dicir que o convenio e o acordo do Concello do Barco data do ano 2005, que permanece actualmente vixente por prórrogas anuais establecidas neles, que se chegou a unha situación de que o Convenio non se adapta ás novas necesidades administrativas xurdidas nestes últimos anos e que incluso a lexislación posterior ao propio convenio converte en inaplicable algunha cláusula do mesmo, derogándoas ou suspendéndoas. Di o concelleiro que nas últimas semanas celebráronse dúas comisións de persoal para tratar sobre a denuncia do Convenio e que tamén o alcalde tivo unha xuntanza cos representantes dos traballadores para explicarlles en qué situación estaba a denuncia do Convenio e que hoxe se trae ao Pleno para ratificar a denuncia. Prosegue dicindo que ultimamente estase asistindo a situacións nas que certo persoal do propio Concello non queda cuberto polo convenio dalgún xeito e de forma adecuada, e que un dos motivos para denunciar este convenio é a salvagarda dos propios traballadores para que todos eles estean dentro do convenio e do acordo e que un exemplo desto estase a ver a situación que se dá en servizos sociais, coas auxiliares de axuda no fogar, que grazas ás

subvencións que se están a recibir e aos convenios que se asinan con outras administracións, estanse prorrogando certos contratos de traballo que ó final supón que esta xente acuda ao xulgado e o propio xulgado sexa o que decida que sexan contratadas indefinidamente por parte do Concello, incluso hai casos nos que non hai concatenación ou continuidade de contrato e o propio xulgado dálle a razón ás traballadoras.

Concédeselle a palabra ao voceiro do Grupo Municipal del Partido Popular, o sr. Moldes Gómez, que fai uso dela para dicir que o voto do seu Grupo vai a ser favorable en coherencia co dito na Comisión de Persoal.

Concédeselle a palabra ao voceiro do Grupo Mixto, o sr. García Yáñez, quen fai uso da palabra concedida para dicir que é favorable a negociar un novo acordo cos traballadores pero sempre que, en primeiro lugar, se recoñeza que a negociación debe resolver as situacións laborais que actualmente non están acollidas ao convenio, en segundo lugar que o novo convenio debe converterse nunha garantía da protección dos dereitos laborais e profesionais dos asalariados vinculados ás prestacións dos servizos municipais e, en terceiro lugar, que é necesario chegar a un pacto laboral que permita a medio prazo unha xestión directa de todos os servizos, que faga posible a remunicipalización dos servizos externalizados como medio para recuperar o gasto público en beneficio dos veciños. Remata a súa quenda o sr. García Yáñez dicindo, en cuarto lugar, que a negociación debe partir da actual masa salarial global e por iso hai que manter os orzamentos do 2016 a aprobar en decembro, no actual Capítulo II, que no actual ano permitiu inversións extras debido ao seu superávit.

Fai uso da palabra o sr. alcalde para dicir que hoxe o obxecto do debate é a denuncia do convenio e do acordo regulador, que se entende que se aprobará por unanimidade e que para as outras cuestións están as comisións informativas para debatelas. Di que hai algunha cuestión que pensa que non ten encaixe no propio Convenio, como é a remunicipalización de servizos, pois non pode estar un persoal que non é do Concello dentro do convenio e que tamén é certo que se nalgún momento o Concello recollera algún servizo, que actualmente estea prestado indirectamente os traballadores pasarían a formar parte da plantilla e polo tanto do convenio e que entón é cando habería que modificar o Convenio ou facerlle un anexo ao mesmo. Prosegue dicindo que esta negociación vai a permitir resolver problemas reais que ten o Concello que rematan na xustiza, a maioría das veces dando a razón ao Concello, pero que sempre teñen un custe en avogados que é innecesario e que se resolve incorporando a todo ese persoal no convenio. Remata o sr. alcalde dicindo que a intención non é apertar a ninguén senón

resolver os problemas que xera un convenio e acordo que ten 10 anos polo que son moitas as cuestións que non están contempladas neles e que dan problemas.

Concédeselle a palabra ao concelleiro sr. García Yáñez que fai uso dela para dicir que el marca o que vai a defender nas comisións informativas, que non parece que o Convenio poda crear algún hándicap para futuras remunicipalización dos servizos externalizados, que é o que defende o seu Grupo e que co demais está de acordo co dito e pregunta se os presupostos están elaborados.

O alcalde di que o Capítulo I vai estar dotado tal e como estaba no 2015, engadindo a partida do 50, 24% para pagarlle aos traballadores a parte da paga extra non pagada de decembro de 2012, se pode ser en febreiro ou en marzo, que a masa salarial non se vai tocar, que dende que empezaron os recortes de contratación de prazas no Concello non se suprimiu ningunha, precisamente para garantir a posibilidade de manter todas as prazas para cando se poda volver a contratar.

Rematado o debate o Pleno en votación ordinaria e por unanimidade dos seus quince membros asistentes, adopta o seguinte acordo:

Denunciar o Convenio regulador das condicións de traballo do persoal laboral ao servizo do Concello do Barco de Valdeorras aprobado polo Pleno da Corporación, en sesión de 7 de abril de 2005 (publicado no D.O.G. de 28 de outubro de 2005), co obxecto de iniciar a negociación dun novo convenio, tendo en conta que o alcalde procederá materialmente a formulación da denuncia, ao ser a parte asinante e parte negociadora por parte do Concello, comunicando a denuncia por escrito, de acordo cos requisitos esixidos pola lexislación á outra parte lexitimada con dous meses de antelación ao 31 de decembro de 2015.

3º Ditame da Comisión Informativa de Persoal, Tráfico e Seguridade Cidadá relativo a denuncia do Acordo regulador das condicións de traballo para o persoal funcionario ó servizo do Concello do Barco de Valdeorras.

Non producíndose debate o Pleno en votación ordinaria e por unanimidade dos seus quince membros asistentes, adopta o seguinte acordo:

Denunciar o acordo regulador das condicións de traballo para o persoal funcionario do Concello do Barco de Valdeorras aprobado polo Pleno da Corporación, en sesión de 7 de abril de 2005 (publicado no B.O.P. de Ourense núm. 131 de 10 de xuño de 2005), co obxecto de iniciar a negociación dun novo acordo, tendo en conta que o alcalde procederá materialmente a formulación da denuncia, ao ser a parte asinante e parte negociadora por parte do Concello, comunicando a denuncia por escrito, de acordo cos requisitos esixidos pola lexislación, á outra parte lexitimada con dous meses de antelación ao 31 de decembro de 2015.

E non habendo máis asuntos que tratar, polo sr. alcalde-presidente levántase a sesión sendo as 13:50 horas do día indicado no encabezamento, estendéndose a presente acta do que eu, como secretario, dou fe.

O secretario

O alcalde

Jesús Tallón García

Alfredo L. García Rodríguez